



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Función tutorial e orientación académica	Código	652610002	
Titulación	9 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Música			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da tutoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da tutoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción tutorial.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	(CE-G5) Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A7	(CE-G7) Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
A9	(CE-G9) Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A10	(CE-G10) Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
A12	(CE-G12) Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar.
A26	(CE-E12) Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A30	(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).
A34	(CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A37	(CE-P6) Exercitarse na avaliación psicopedagóxica, o asesoramento a outros profesionais á educación, aos estudantes e ás familias (OE).
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción tutorial.		AP5	CP1
		AP7	CP3
		AP9	CP4
		AP12	CP7
		AP26	
		AP30	
		AP34	



Transferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal	AP26 AP34		CP1 CP3 CP4 CP7
Participar no deseño, implantación, seguemento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo	AP7 AP9 AP34		CP1 CP3 CP4 CP7
Enumerar as funcións do titor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.	AP5 AP10 AP37		CP1 CP4 CP7
Definir a orientación e a tutoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.	AP5 AP9 AP10 AP37		CP1 CP3 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
Titoría e orientación	Aproximación conceptual e relacións
O modelo institucional galego de orientación	Aspectos organizativos e funcionais dos servizos de orientación
Funcións e actividades titoriais	* Cos estudantes * Coas familias * Cos compañeiros
Planificación da acción titorial	O Plan de Acción Titorial (PAT)
A tutoría en situacións específicas	* No módulo de formación en centros de traballo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	1	11	12
Proba mixta	A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37	1	5	6
Presentación oral	A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7	2	5	7
Sesión maxistral	A5 A7 A9 A10 A30 A34 C4	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	A7 C1 C3 C4	5	7	12
Análise de fontes documentais	A5 A30 A37	1	8	9
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno.</p> <p>O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>
Presentación oral	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, expondo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada con el uso de medios audiovisuais y la introducción de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	<p>Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final.</p> <p>Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo.	25
Proba mixta	A5 A7 A9 A10 A30 A34 A37	Que constará de preguntas tipo test de resposta múltiple (o 50% da cualificación da proba) e preguntas de desenvolvemento con resposta breve (50% da proba).	50
Presentación oral	A7 A12 A34 A37 C1 C3 C4 C7	Consistirá na presentación do traballo suxerido.	25

Observacións avaliación



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías